

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á XUNTA DIRECTIVA DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

*De conformidade coa regulamentación contemplada no Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Xurídica, a Xunta Directiva na súa xuntanza celebrada o 20 de decembro de 2019 acordou realizar a **Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección** de acordo coas seguintes disposicións:*

1.- CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS

a) Data e ámbito.- Hoxe día 8 de xuño de 2020 envíase a todos/as os/as socios/as da Sección de Psicoloxía Xurídica a Convocatoria de Eleccións á Xunta Directiva da Sección. Convocatoria que se efectúa con tres meses de antelación ao día da súa realización que se realizará no marco da Asemblea de Socios/as. A Asemblea de Socios/as celebrarase o día 12 de setembro de 2020, sábado.

b) Cargos obxectos de elección.- A Xunta Directiva estará constituída polos cargos previstos no Artigo 16 do Regulamento de Réxime Interior da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os cargos electos son: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e entre tres e cinco vogais.

c) Duración dos cargos.- Catro anos.

2.- DOS ELECTORES, ELIXIBLES E DAS CANDIDATURAS

a) Lista dos/as colexiados/as con dereito a voto.- Para todos os efectos electorais só serán electores e elixibles os/as colexiados/as adscritos/as ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que estean acreditados/as pola Sección de Psicoloxía Xurídica e formen parte da mesma o día da Convocatoria das eleccións, é dicir, ata o día 8 de xuño de 2020. As comunicacións previstas ao longo de todo o proceso electoral só se lle remitirán aos/ás mesmos/as e só estes/as estarán lexitimados/as para interpor reclamacións e recursos sobre o proceso electoral.

b) Candidaturas.- As candidaturas constarán de listas completas e pechadas con expresión da persoa proposta para cada cargo. Poderán presentarse

candidaturas con 45 días de antelación como mínimo ao día de eleccións, é dicir, ata o 22 de xullo de 2020 inclusive, mediante escrito dirixido á Comisión Electoral. Ademais da expresión de cargos a candidatura pode incluír a proposta de programa para a Sección.

c) Proclamación.- A partir dos 45 días referidos no apartado anterior, e no prazo dos cinco días seguintes a Comisión Electoral constituída no momento da convocatoria de eleccións, proclamará as candidaturas validamente presentadas, rematando o prazo o día 29 de xullo de 2020 e notificándose a proclamación provisional a todos/as os/as socios/as da Sección.

Fronte a esta decisión e no prazo de cinco días a contar desde a proclamación de candidaturas, calquera colexiado/a socio/a da Sección poderá presentar reclamación á proclamación realizada, mediante carta dirixida ao presidente da Comisión Electoral. Esta Comisión resolverá nos seguintes cinco días as reclamacións realizando a proclamación definitiva das candidaturas.

A Xunta Directiva enviará a todos/as os/as socios/as da Sección, un mes antes das eleccións, información sobre as candidaturas definitivas e, se fose o caso, das súas propostas de programas.

3.- MESA ELECTORAL

A Mesa Electoral será elixida pola Asemblea de Socios/as da Sección no marco da súa reunión que se celebrará o sábado, día 12 de setembro de 2020. Os cargos de elección serán: presidente/a, secretario/a, e dous/dúas vogais coas funcións que lle son propias. Tamén poderán participar nela un/unha interventor/ora por cada candidatura, con voz e sen voto.

4.- DAS ELECCIÓNS

a) Marco das Eleccións.- As Eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica efectuaranse no marco da Asemblea de Socios/as, que será convocada pola

presidenta da Sección cun mes de antelación á súa realización mediante comunicación persoal dirixida a todos/as os/as socios/as acreditados/as da Sección.

b) Horario e local.- Na comunicación persoal á que fai referencia o parágrafo anterior especificarase debidamente o horario e local onde se desenvolverá o proceso electoral.

c) Procedemento de votación.- Os/As socios/as da Sección exercerán o seu dereito ao voto nas papeletas oficiais autorizadas polo Colexio. O réxime electoral será equivalente ao contemplado nos Estatutos para a Elección da Xunta de Goberno, non se contemplará a delegación do voto e para o voto por correo certificado seguirase o procedemento establecido no Artigo 41 dos estatutos colexiais.

O escrutinio será público e terá lugar inmediatamente terminada a votación. Contabilizaranse os votos por candidatura completa, elixíndose a candidatura máis votada. Repetirase a votación no caso de empate entre candidaturas.

Serán nulas as papeletas que conteñan emendas, tachas ou modificacións que puideran inducir a erro e os sobres que conteñan máis dunha papeleta.

O/A secretario/a da Mesa Electoral co visto e prace do presidente levantará acta do proceso electoral e das incidencias e reclamacións se fose o caso. No prazo de 24 horas o/a secretario/a remitirá ao presidente/a da Comisión Electoral a Acta da votación e a lista de votantes.

d) Voto persoal.- Mediante identificación e comprobación na lista electoral.

O/A secretario/a da Mesa anotará na lista o/a colexiado/a que deposite o seu voto. A identificación efectuarase mediante DNI ou carné de colexiado/a, depositándose a continuación o voto na urna precintada.

5.- NORMATIVA ELECTORAL

* Regulamento de Réxime Interior da Sección de *Psicoloxía Xurídica*. Artigo 17: do 17.1 ao 17.8 (ambos os dous incluídos).

* Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo IV. Artigo 14 e Artigos 16 a 22.

• Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Capítulo VII. Artigos 36, 37, 38, 40, 41, 42, 43 e 44.

6.- RESULTADOS E RECLAMACIÓNS

A Comisión Electoral unha vez recibida a Acta de Votación:

a) Resolverá con carácter definitivo as reclamacións dos/as interventores/oras e demais incidencias que figuren na Acta.

b) Proclamará o resultado total das eleccións.

c) Os/As colexiados/as socios/as da Sección poderán presentar recurso de reposición contra as decisións da Comisión Electoral ante a mesma no prazo dun mes a partir da data de adopción da decisión recorrida, sen prexuízo dos demais recursos previstos na lei.

7.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA

a) Será proclamada como nova Xunta Directiva a Candidatura máis votada que tomará posesión nun prazo máximo de dous meses.

b) A Comisión Electoral comunicará os resultados das eleccións á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

En Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2020.

**A PRESIDENTA DA XUNTA
DIRECTIVA DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA XURÍDICA**